

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP "VÍCTOR LÓPEZ SEOANE"

CURSO: 1º

MATERIA: MÚSICA

DEPARTAMENTO:

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE I: ESCOITA</b>	
1.1 Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. (CECC CAA)
<b>BLOQUE II: INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>	
2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	EMB2.2.1. Interpreta un pequeno repertorio de cancións sinxelas (CCEC CSC)
2.3. Reproducir esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.1 Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas (CCEC CMCCT)
<b>BLOQUE III: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA</b>	
3.1. Realizar pequenas coreografías	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías adecuando o movemento corporal coa música. (CCEC CSG)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Debido ao carácter socializador da música e dado que é unha materia fundamentalmente de práctica colectiva, para poder facer unha correcta valoración nesta situación excepcional se terá en conta principalmente o rexistro de notas das actividades do 1º e 2º trimestre.</p> <p>Este rexistro fai referencia ao grado de adaptación que ten cada nena e neno na práctica musical grupal, pois a nota nesta materia vén dada fundamentalmente polo respecto ás normas do xogo musical e colectivo. Para valorar os criterios e estándares que fan referencia ao nivel individual que ten cada alumno/a seguirase o mesmo procedemento de rexistro de anotacións do 1º e 2º trimestre e ademáis terase en conta de xeito positivo os traballos musicais prácticos propostos pola mestra neste terceiro trimestre que de maneira voluntaria se envíen por correo electrónico.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro e avaliación de tarefas enviadas por correo electrónico.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Nota da segunda avaliación que poderá verse incrementada ata un punto pola entrega de tarefas voluntarias propostas.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interpretación de coreografías sinxelas</li> <li>- Práctica instrumental con percusión corporal ou pequena percusión</li> <li>- Actividades de creatividade musical e relación con outras artes</li> </ul> <p>As actividades considéranse de repaso e reforzo xa que aínda que as cancións propostas son novas, os aspectos musicais serán os traballados durante o curso.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Manterase a metodoloxía baseada na práctica musical activa. Empregaránse vídeos de diferentes plataformas gratuítas xunto con diferentes propostas de actividades para traballar os aspectos arriba indicados.</p> <p>Non me consta que haxa alumnado sen conectividade.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Wifi privada da mestra.          Ordenador persoal da mestra.          Webs e blogues de pedagogía musical          Vídeos online (Youtube, Vimeo)          Libro dixital da Editorial Richmond-Santillana.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Páxina web do centro, correo electrónico, Abalar e Webex.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.